III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2025 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de agosto de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas que poden afectar os bancos marisqueiros, coa participación das persoas pescadoras e mariscadoras, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) (código de procedemento PE209F) (Diario Oficial de Galicia número 175, do 11 de setembro).

En cumprimento do disposto no artigo 35 da orde de bases reguladoras, no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das axudas concedidas, na convocatoria de 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 46.03.723C.780.2, para o financiamento de proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas que poden afectar os bancos marisqueiros, coa participación das persoas pescadoras e mariscadoras, cofinanciadas nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025

A conselleira do Mar
P.D. (Orde do 21.2.2022; DOG núm. 41, do 1 de marzo)
A persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
P.A. (Artigo 11.e) da Orde do 21.2.2022; DOG núm. 41, do 1 de marzo)
Marta Barreiro Castro
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: io5umf47-4g52-3pb9-ifu8-u1hmafmk0507

ANEXO

Aplicación orzamentaria: 46.03.723C.780.2

Proxecto	Beneficiaria	Importe
PE209F-2024-00003 Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas a través da recollida de residuos mariños, lixo mariño	Confraría de Pescadores de Cedeira	27.832,44 €
PE209F-2024-00004 Mar sen lixo III	Confraría de Pescadores San Martín do Grove	65.767,63 €
PE209F-2024-00005 Retirada de algas dos bancos marisqueiros de a flote	Confraría de Pescadores San Martín do Grove	26.798,80 €
PE209F-2024-00009 Proxecto conxunto de recollida de lixo mariño, confrarías de Muros e O Pindo	Confraría de Pescadores de Muros	54.102,99 €
PE209F-2024-00009 Proxecto conxunto de recollida de lixo mariño, confrarías de Muros e O Pindo	Confraría de Pescadores do Pindo	4.819,64 €
PE209F-2024-00010 Recollida de lixo mariño. Vilaboa 2024	Confraría de Pescadores de Vilaboa Pedra da Oliveira	68.046,44 €
PE209F-2024-00012 Recollida de residuos mariños no ámbito da Confraría de Vigo	Confraría de Pescadores San Francisco de Vigo	11.132,07 €
PE209F-2024-00015 Sen lixo. Confraría de Arcade contra o lixo mariño	Confraría de Pescadores Virgen del Carmen Arcade	42.759,50 €
PE209F-2024-00019 Econoia 5	Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia	125.016,77 €

CVE-DOG: io5umf47-4g52-3pb9-ifu8-u1hmafmk0507